



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

TÁBOA DE CONTIDO	Páx.
DEFINICIÓN	1
ANÁLISE DO CONTEXTO	1
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	1
CARACTERÍSTICAS DA SÚA CONTORNA	4
SINAIS DE IDENTIDADE	5
<i>A confesionalidade</i>	5
<i>A lingua de instrumentación/aprendizaxe e o tratamento das linguas</i>	6
<i>A liña metodolóxica</i>	7
<i>A educación como un proceso integral</i>	8
<i>O pluralismo e os valores democráticos</i>	9
<i>A coeducación</i>	9
<i>A educación física e o deporte</i>	10
<i>As novas tecnoloxías</i>	10
<i>A formación do profesorado</i>	10
<i>As relacións cos pais</i>	10
<i>A orientación vocacional e profesional dos alumnos</i>	10
OBXECTIVOS INSTITUCIONAIS	11
<i>Obxectivos referidos á confesionalidade</i>	11
<i>Obxectivos referidos ó proxecto lingüístico do centro</i>	11
<i>Obxectivos referidos á liña metodolóxica</i>	12
<i>Obxectivos referidos á educación como proceso integral</i>	12
<i>Obxectivos referidos ó pluralismo e os valores democráticos</i>	13
<i>Obxectivos referidos á coeducación</i>	13
<i>Obxectivos referidos ás novas tecnoloxías</i>	13
<i>Obxectivos referidos á formación do profesorado</i>	13
<i>Obxectivos referidos ás relacións cos pais</i>	14
<i>Obxectivos referidos á orientación vocacional e profesional dos alumnos</i>	14



REGULAMENTO ORGÁNICO DO CENTRO:

ÓRGANOS DE GOBERNO:

ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO:

DIRECTOR	15
XEFE DE ESTUDOS	16

ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO:

CONSELLO ESCOLAR	16
CLAUSTRO DE PROFESORES	17

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE:

EQUIPOS DE CICLO INFANTIL E PRIMARIA	18
DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS SECUNDARIA	21
COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA	24
COMISIÓN DE COORDINACIÓN DA AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO	25
TITORES	26
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	28
SERVIZO DE ORIENTACIÓN SECUNDARIA	29
EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	30
ATENCIÓN ÓS ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	31
OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR	32

RÉXIME DE FUNCIONAMENTO:

PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO (Anexo á programación xeral anual)	
PROXECTO CURRICULAR (Anexo á programación xeral anual)	
REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR (Anexo ó proxecto educativo)	
PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL	



DEFINICIÓN.

O Proxecto Educativo de Centro é un documento que, a partir da análise do contexto do Colexio, enumera e define os sinais de identidade do noso Centro, formula os obxectivos institucionais, expresa a estrutura organizativa da nosa institución e contén os puntos esenciais dun Regulamento de Réxime Interior, que representa a formalización e operatividade da nosa estrutura organizativa.

ANÁLISE DO CONTEXTO.

O Proxecto Educativo de Centro é unha proposta integral que compromete e liga a todos os membros da nosa comunidade escolar, un instrumento que sintetiza un proxecto de actuación no Centro, xa que recolle as grandes pautas orientadoras da acción no colexio.

Por esta razón, as actuacións dos equipos de profesores ou de cada profesor individualmente, do persoal administrativo e de servizos e, por descontado, da propia Dirección do Centro deben telo como base ou fonte de referencia.

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

O Colexio comeza a súa andadura no ano 1941 e hoxe en día continúa formando a xoves e cativos da Vila de Noia e arredores. O día 1 de outubro do ano 1941 don Gerardo Miguéns Villanustre fundou o colexio "Andrés Manjón", coñecido tamén polo nome popular de "Academia de don Gerardo". Cando abriu as súas portas estaba situado no nº 49 da Corredoira (rúa Luis Cadarso). No ano 1949 trasladouse ó Curro, cambiando o seu nome polo de "Academia Balmes". Ademais dos estudos Primarios e Bacharelato impartíase a preparación por libre de alumnos e alumnas de Maxisterio.

En outubro do ano 1980 inaugúranse as actuais instalacións e pasa a chamarse "Colexio Jaime Balmes". Ao longo destes anos e con motivo de adaptarse ás distintas leis educativas, o Centro obtivo novas transformacións xurídicas, tendo na actualidade configuración definitiva coa seguinte composición resultante:

- a) Centro de Educación Infantil: 6 unidades.*
- b) Centro de Educación Primaria: 12 unidades.*
- c) Centro de Educación Secundaria: 8 unidades de Educación Secundaria Obrigatoria e 4 unidades de Bacharelato.*



OFERTA EDUCATIVA:

- Centro Plurilingüe.
- **Ensino concertado - Gratuidade 100%.**
- Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria.
- Audición e linguaxe / Pedagogía terapéutica.
- Servizo de orientación.
- Clases de reforzo gratuítas.
- Clases reforzo inglés: dinámica de conversación.
- Ordenadores e internet en todas as aulas.
- Aula de informática e pizarras dixitais.
- Plataforma dixital (espazoAbalar).
- Proxecto ABALAR.
- Actividades extraescolares:
 - Clases de informática, danza, baloncesto, fútbol, taekwondo, xogos.
 - Inglés extraescolar (Kith English Institute - www.kith.eu).
 - As actividades desenvólvense dentro da xornada escolar e comezan no mes de outubro.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

- Comedor escolar (cociña de elaboración propia).
- Transporte escolar (acompañamento gratuito realizado polo profesorado).
- Gardería Infantil gratuíta.
- Profesorado de garda permanente para o coidado e vixilancia dos alumnos.

INSTALACIÓNS E INFRAESTRUTURAS:

- 37.000 m² de superficie.
- Pavillón polideportivo.
- Pistas polideportivas descubertas.
- Patio infantil.
- Parque recreativo de 1.500 m².
- Zona lúdico-deportiva de 7.000 m².

CARACTERÍSTICAS DA SÚA CONTORNA.

O colexio Jaime Balmes é un centro privado concertado situado na rúa Devesa do Marqués, 16 da parroquia de Santa Cristina de Barro, a máis extensa e poboada de cantas comprende o Concello de Noia a excepción da que alberga o centro urbano da vila. A só dous quilómetros do núcleo urbano en dirección este, moi preto da principal estrada que comunica Noia con Santiago de Compostela, unha serie de pequenos e tradicionais núcleos ofrecen veciñanza ó Centro: A Rasa, Ousoño, Vilarbello, A Fialla, ... Nos últimos anos, e por influencia da proximidade da vila, un notable incremento, en forma de casas unifamiliares, colaborou a densificar o espazo rural existente entre estes antigos núcleos. Na actualidade, podemos falar desta zona como unha zona semirural do núcleo urbano de Noia.

O Centro atópase nunha poboación costeira duns 14.000 habitantes na comarca de Muros e Noia. Estamos moi preto de: Lousame (2 km), Portosín (7 Km), Serra de Outes (6 Km), Porto do Son



(16 Km), Boiro (18 Km) ... localidades das que recibimos alumnos. Para achegarnos ó Colexio só nos desviamos uns metros da estrada que une Noia con Santiago de Compostela.

O Colexio está situado nas aforas da vila de Noia, nun entorno especialmente indicado para fomentar o aprecio pola natureza e o coidado do medio ambiente. É unha zona moi tranquila, rodeada de fragas e cunhas fermosas vistas. Unha paisaxe envolvente, con variedade de árbores e plantas, que é coidada polo Departamento de Ciencias da Natureza e utilizada como recurso didáctico permanente. Isto permite actividades fóra da aula que se converten nun tipo de vivencia moi agradable e favorece actuacións de traballo en equipo, cooperativo e solidario por parte dos alumnos.

Dada a baixa poboación que reside nos arredores do Centro, este recibe alumnado de diferentes puntos do Concello e incluso de concellos limítrofes.

SINAIS DE IDENTIDADE.

O carácter propio ou carta de identidade do Colexio debe ser coñecido por todos os estamentos do Colexio para que sirva de guía de todo tipo de actuacións persoais ou colectivas que se desenvolvan no Colexio, para facer calquera tipo de avaliación do Centro e para responder á pregunta ¿quen somos?

A definición que este Colexio presenta inclúe a referencia sobre os seguintes aspectos:

A confesionalidade.

O Colexio maniféstase en relación a todas as confesións de alumnos e profesores a favor do pluralismo ideolóxico e da renuncia de todo tipo de adoutramento.

O noso Colexio declárase laico e pluralista, é respectuoso coas diversas maneiras de pensar e aberto a todas as persoas.

Ningunha familia, ningún alumno, ningún dos profesores ou traballadores do Colexio poderá ser discriminado por razón da súa confesionalidade ou a confesionalidade relixiosa.

Da mesma maneira é respectuoso coas diversas concepcións filosóficas do mundo e da vida e coas diversas ideoloxías políticas.

Neste marco de respecto mutuo non poden ter cabida actitudes de adoutramento, de proselitismo e/ou de sectarismo. Pero os profesores e o persoal poderán dar o seu parecer se os alumnos llelo piden expresamente.



O Colexio maniféstase aconfesional para responder ós principios de respecto e de pluralismo ideolóxico da sociedade que o rodea. Non obstante, crendo que as festas populares rexen a vida cotiá da sociedade, estas poderán celebrarse sen excluír ningún contido fundamental.

Sen embargo, é obvio indicar que entre o alumnado e as familias deste Centro predomina en grao sumo a confesionalidade católica. Por estes motivos, o Colexio oferta de forma opcional a materia de Relixión Católica, ofrecendo ás familias que o desexen a posibilidade de clases de relixión para os seus fillos, seguindo a liña dun cristianismo católico baseado nos valores humanos do Evanxeo.

O Colexio é e quere ser, pois, ideoloxicamente pluralista nas súas vertentes política e relixiosa. Isto significa respectar as ideoloxías e crenzas e intentar dar a tódolos alumnos, xa desde os primeiros anos, as informacións tan obxectivamente como se poida para que progresivamente vaian formando os seus propios criterios e, analizando a realidade, poidan adoptar decisións responsables. Os pais poden e deben axudar aos seus fillos neste proceso, sobre todo partindo do diálogo e da coherencia das súas propias actitudes na vida.

A lingua de instrución/aprendizaxe e o tratamento das linguas.

Os alumnos comezan, xeralmente, facendo a aprendizaxe na lingua materna. O Colexio pretende garantir un coñecemento satisfactorio do galego e do castelá para todos os alumnos, coa excepción de aqueles que, por algún condicionante legal, estean exentos do galego.

Igualmente asegura un tratamento non discriminatorio das dúas linguas da comunidade, galego-castelán, e tende a normalizar o uso do galego partindo do propósito dun bilingüismo real, tal como queda descrito no noso Proxecto Lingüístico do Centro.

A isto únese a conversión en centro plurilingüe, que garante que desde o curso 2012/13 se imparta Educación Plástica en Inglés en 1º de Primaria, actuación que se amplía progresivamente aos cursos de toda a etapa educativa. Por outra parte, dáse gran relevancia ó ensino do Inglés desde Educación Infantil ata Secundaria dunha forma sistemática e do Francés na Educación Secundaria.

*O interese do Colexio é que os seus alumnos aprendan realmente tres linguas (galego, castelán e inglés) chegando a un dominio das tres que lles permita comunicarse con fluidez e **rigor**. Para iso preséntase unha interacción constante das tres linguas, de xeito que non se poida interpretar o desenvolvemento da competencia comunicativa sen atender conxuntamente ás dúas linguas oficiais da comunidade e á lingua estranxeira seleccionada para o proxecto plurilingüe.*

Neste sentido tamén pretendemos conseguir que os nosos alumnos respecten, aprecien e sexan sensibles ós valores culturais e tradicionais daqueles outros compañeiros que, vivindo na nosa



comunidade, procedan doutros lugares e lles axuden tamén a coñecer e respectar os valores históricos e a realidade da comunidade que os acolle, propiciando un proceso de integración se así eles libremente o deciden. En todo caso, o respecto mutuo é unha esixencia educativa que asumimos.

A liña metodolóxica.

A nosa actuación fundaméntase nun trato personalizado que se adapte ó ritmo evolutivo e as capacidades intelectuais de cada alumno. Acollemos positivamente, pois, a diversidade.

Temos en conta tamén o desenvolvemento psicolóxico dos alumnos no momento de establecer contidos e metodoloxías.

Damos sempre tanta importancia á instrución como á educación. Temos coidado tanto da relación educativa como da adquisición de técnicas, actitudes e valores desde cada materia. Entendemos a nosa misión de educadores desde a triple vertente: instruír, educar e preparar para a vida.

Tendemos a desenvolver a capacidade de traballar en equipo tanto do profesorado como dos alumnos xa que consideramos que, aínda que entraña dificultade e necesita moita práctica, é fundamental e absolutamente necesaria nesta preparación para a vida que apuntabamos anteriormente.

Desenvolvemos o espírito crítico e a capacidade de discusión e decisión. Cultivamos a busca, a adquisición de coñecementos e a sistematización científica pensando nunha utilización práctica e que non haxa desconexión entre a teoría e a práctica, entre o traballo e o estudo.

Por iso, fomentamos a actividade e a iniciativa dos alumnos fronte á busca dos coñecementos.

Fundamentámonos nas seguintes bases psicopedagóxicas:

a) A actividade: *o alumno non debe estar pasivo dentro da aula.*

b) O nivel dos coñecementos previos dos alumnos *para así adaptar a nosa acción ás súas capacidades reais.*

c) As diferenzas individuais ou tratamento da diversidade: *non podemos entender un grupo de clase como unha entidade homoxénea senón diversa.*

d) A concepción construtivista da aprendizaxe: *partimos dos principios básicos do construtivismo:*

- É o alumno quen constrúe o seu propio coñecemento, o profesor deberá crear as condicións necesarias para que o alumno aprenda.*
- A aprendizaxe significativa, que é un ingrediente fundamental da concepción construtivista da aprendizaxe repetitiva ou memorística. Aprender significativamente quere dicir que o alumno deberá*



atribuír un significado ó material obxecto de aprendizaxe e debe poder entender o sentido do que se lle presenta como obxecto de aprendizaxe. A aprendizaxe significativa equivale á aprendizaxe funcional. Enténdese que una aprendizaxe é funcional cando a persoa que a realizou pode utilizala efectivamente nunha situación concreta para resolver un problema determinado; esta utilización faise extensiva á posibilidade de usar o aprendido para efectuar novas aprendizaxes. A aprendizaxe significativa depende de dúas condicións:

- *Da motivación do alumno para actuar diante do obxecto de aprendizaxe que se lle presenta.*
- *Da presentación que o profesor fai do contido que o alumno debe aprender, se o presenta de forma atractiva ós alumnos, se o conecta ou integra dentro da secuencia lóxica doutros contidos da mesma cadea e da coherencia interna dos apartados do tema.*

*Preconizamos a **motivación e o reforzo** como medios ou técnicas para conseguir o mellor rendemento de cada alumno. Preconizamos o uso do reforzo sistematizado.*

Desterramos o castigo como sistema. Sabemos que, a veces, un castigo esporádico é inevitable e ata necesario. Pero nunca debemos utilizar, nestas circunstancias, un castigo físico ou verbal que poida humillar ou desmoralizar ó alumno. En todo caso, debemos castigar condutas, non á persoa.

Tampouco debemos vernos na necesidade de ter que castigar demasiado, porque esta excesiva incidencia punitiva sobre o alumno significaría que a forma de relacionarnos con eles non é a adecuada e cabería reconsiderala.

*Neste apartado, queremos puntualizar que o Colexio ten unhas Normas de Convivencia, **nas** que quedan descritas e tipificadas con toda claridade as condutas dos alumnos que poden ser sancionadas.*

O alumno debe saber que, se o seu comportamento non se axusta ás normas, será sancionado de acordo cos criterios que nelas se establecen. E esta sanción non se poderá entender como unha contradición respecto do concepto de castigo que defendemos antes, senón como unha razón de coherencia interna entre as normas establecidas e a obrigaión dos alumnos de cumprilas.

A educación como un proceso integral.

Identificámonos cun concepto de colexio que considere as diversas dimensións da personalidade do alumno.

É ben sabido que en moitas institucións escolaresponse a atención en obxectivos case exclusivamente instrutivos.



Nós entendemos a educación como un feito que abraza os diferentes aspectos que integran a personalidade do alumno: físicos, intelectuais, morais, etc., e poñemos os medios para potencialos. Pensamos que cada profesor, desde a súa materia ou desde o seu nivel, debe estar tan interesado en educar como en instruír. Queremos dicir que deberá preocuparse de que os seus alumnos:

- *Aprendan coñecementos.*
- *Asimilen valores e actitudes.*
- *Dominen as principais técnicas, estratexias e procedementos de traballo individual e de grupo.*
- *Aprendan a aprender.*

O pluralismo e os valores democráticos.

Asumimos, pois, que o Colexio ten a responsabilidade de formar a seus alumnos no marco dun conxunto de actitudes, valores e normas.

Manifestamos o noso compromiso co respecto e a aceptación dos valores democráticos:

- *Solidariedade.*
- *Respecto ó outro e tolerancia.*
- *Actitude de diálogo.*
- *Espírito crítico.*
- *Responsabilidade.*
- *Autonomía.*

Como dixemos antes, o adoutramento e as actividades antidemocráticas quedan excluídos. Partimos da realidade básica dunha sociedade plural no terreo das ideas políticas, das tarefas sociais e das situacións económicas. Cremos que a función do Colexio nesta sociedade é orientar e axudar ós alumnos na difícil aprendizaxe da convivencia e da solidariedade, sen dogmatismos nin imposicións arbitrarias e tamén que adopten unha actitude crítica acerca daquilo que os rodea.

A educación e a convivencia desenvolveranse nun marco de tolerancia e respecto á liberdade de cada un, á súa personalidade e convicións, as cales non poderán ser perturbadas por ningún tipo de coacción.

A coeducación.

Rexémonos polo principio de coeducación, entendéndoa como un intento de educar para a igualdade sen ningún tipo de discriminación por razón de sexo, raza ou relixión.



Identificándonos con este principio coeducador, queremos superar o simple enfoque de ensino mixto, determinando unha metodoloxía didáctica que trate de evitar condutas que poñen a énfase nos roles tradicionais atribuídos ó home e á muller.

A educación física e o deporte.

Pretendemos que os nosos alumnos reciban unha educación física e deportiva que lles permita entender o deporte e o exercicio físico como fonte de pracer persoal, de coidado do corpo e equilibrio do espírito, e como camiño ou medio para evitar perigos tan perniciosos como son as drogas e o aburrimiento. O noso propósito podería resumirse no lema: “cada alumno, un deporte”.

As novas tecnoloxías.

Somos conscientes de que o presente e o futuro dependen xa nos momentos actuais do coñecemento e utilización que as persoas fan e farán das novas tecnoloxías.

Ensinar ós nosos alumnos, dentro do horario escolar, a manexar o ordenador como instrumento de traballo, é un dos obxectivos que o Colexio asume, intentando poñer os recursos necesarios, tanto tecnolóxicos como de reciclaxe do profesorado.

A formación do profesorado.

A calidade humana e profesional do profesorado e persoal do Colexio constitúe a garantía de todo o sistema educativo que proxectamos.

Por esta razón, o noso Centro ofrece ó profesorado a posibilidade de poñerse ó día mediante a organización de cursos de formación.

Á vez estimula e recoñece as iniciativas particulares dos profesores neste deber e propósito de reciclarse.

A relacións cos pais.

A necesidade de integrar ós pais en estruturas ou iniciativas de colaboración e participación anímanos a ofrecerlles a posibilidade de asistir a conferencias, charlas, debates, exposicións e celebracións, intentando o Centro que os pais consigan educar ós seus fillos nunha tarefa complementaria á do profesorado dentro da aula.

A orientación vocacional e profesional dos alumnos.

Na vida escolar dos alumnos, hai tres momentos en que deberán elixir unha opción ou unha dirección que os marca para o seu futuro. Estámonos referindo á decisión de seguir estudos en



Bacharelato, unha vez acabada a Secundaria Obrigatoria; á hora de escoller as optativas e, finalmente, no momento de ter que elixir unha carreira profesional.

Cada unha destas decisións non se poden tomar gratuitamente, debido ó risco que entraña a posibilidade de equivocarse. Pola contra, débese estar ben informado sobre o que supón a opción escollida e coñecer suficientemente as capacidades persoais se queremos reducir o risco dunha decisión indocumentada.

Neste contexto, a preocupación do Colexio é que as súas estruturas permitan ofrecer de maneira sistemática unha orientación escolar e vocacional ós seus alumnos.

OBXECTIVOS INSTITUCIONAIS.

Unha vez definida a súa identidade, é necesario que o Colexio manifeste o propósito que perseque como institución, respondendo á pregunta: ¿que pretendemos?.

O Proxecto contén a formulación duns obxectivos institucionais, derivados dos sinais de identidade ou principios que o Centro asume.

Os obxectivos do Proxecto Educativo de Centro son uns obxectivos-tendencia, que comportan unha vontade de planificación e desenvolvemento posteriores con obxectivos e actividades máis específicos, operacionais e avaliábeis.

Obxectivos referidos á confesionalidade.

- *Respectar as diversas maneiras de pensar, as diversas concepcións filosóficas, políticas ou relixiosas do entorno.*
- *Tomar conciencia do pluralismo ideolóxico da sociedade actual.*
- *Estimular a actitude crítica dos alumnos ante a pluralidade de ideas e actitudes que a sociedade actual lles ofrece, para que formen os seus propios criterios, analizando a realidade dunha forma obxectiva.*
- *Educar ós alumnos para que tomen decisións responsables.*
- *Estimular a participación dos alumnos nas festas populares que teñan unha significación particular, tanto se son de carácter relixioso como civil.*

Obxectivos referidos ó proxecto lingüístico do Centro.

- *Chegar ó dominio de tres linguas -galego, castelán, inglés-, que lles permita comunicarse con fluidez e propiedade, tal como indican os obxectivos do proxecto plurilingüe.*



- *Conseguir que á vez coñezan e respecten a lingua e a cultura castelá, recoñecendo aquela como a lingua do Estado Español.*
- *Chegar ó dominio dunha lingua estranxeira -no noso caso, o inglés- que permita o uso desa lingua a un nivel formal, superando o nivel coloquial, oral e escrito, introducindo ós alumnos no coñecemento das diversas culturas dos países de fala inglesa. O inicio das clases de Educación Plástica en 1º de Primaria, con continuidade no resto da etapa educativa, é un paso firme nesta iniciativa.*
- *Favorecer a estancia dos nosos alumnos nalgunha cidade de fala inglesa e á vez coñecer a cultura do país que os acolle.*
- *Estimular e favorecer a aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira, no noso caso o francés.*

Obxectivos referidos á liña metodolóxica.

- *Tratar a cada alumno de forma individualizada.*
- *Adecuar o noso sistema de ensino ás capacidades intelectuais, ó ritmo evolutivo e ó desenvolvemento psicolóxico dos alumnos.*
- *Aceptar nos nosos alumnos, ademais do espírito crítico xa mencionado anteriormente, a capacidade de discusión e decisión.*
- *Favorecer o traballo en equipo dos alumnos de modo que entendan que das diversas **achegas** non só se aprenden coñecementos, senón que se traballan e melloran as relacións persoais.*
- *Estimular nos nosos alumnos o hábito de busca para que sexan eles os que constrúan os seus propios coñecementos coa axuda dos profesores e dos seus compañeiros.*
- *Presentar ós nosos alumnos os contidos obxecto de aprendizaxe dunha forma que lles permita establecer conexións cos temas precedentes e atribuír significado á nova información que lles chega.*
- *Motivar ó alumno, reforzando a súa actividade e a súa conduta.*

Obxectivos referidos á educación como proceso integral.

- *Dar tanta importancia á educación como á instrución tendo sempre presente que o obxectivo fundamental do ensino é formar cidadáns, é dicir, persoas críticas, creativas, tolerantes e solidarias.*
- *Traballar desde cada materia os tres tipos de contidos: conceptos, procedementos e valores.*
- *Introducir nos nosos programas temas transversais que complementen a formación do alumno.*
- *Valorar a beleza e a sensibilidade artística na persoa para contrarrestar a excesiva tendencia actual ó utilitarismo e ó materialismo.*
- *Resaltar a necesidade de empregar as normas sociais de urbanidade nas relacións interpersoais como sinal de corrección e de calidade humana que é necesario reivindicar.*



- *Ter especial coidado no proceso de formación da autoestima de cada alumno para que se sinta capaz de realizarse como persoa.*
- *Orientar a organización e o funcionamento do comedor como un servizo que, ademais do valor nutricional, posibilite a adquisición de hábitos persoais e sociais.*
- *Dar tamén importancia ós hábitos de educación e limpeza nos momentos de espallamento no patio e noutros lugares.*

Obxectivos referidos ó pluralismo e os valores democráticos.

- *Asumir o compromiso de formar ós alumnos en actitudes, valores e normas democráticas, especialmente a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a actitude de diálogo, o espírito crítico e a responsabilidade persoal.*
- *Erradicar das aulas o autoritarismo, o exceso de competitividade, o adoutramento e as actividades ou actitudes antidemocráticas.*
- *Orientar ós nosos alumnos, desde Educación Infantil, na aprendizaxe da convivencia e do concepto de sociedade plural.*
- *Aprender a respectar a liberdade de cada un como un dereito inalienable da persoa.*

Obxectivos referidos á coeducación.

- *Educar na igualdade sen ningunha discriminación por razón de sexo.*
- *Determinar unha metodoloxía didáctica que supere a tradicional atribución de roles específicos do home e da muller.*
- *Realizar unha selección e utilización do material didáctico adecuado ós principios de coeducación.*

Obxectivos referidos ás novas tecnoloxías.

- *Concienciar ós alumnos da importancia que ten para o seu futuro profesional o coñecemento e a utilización dos recursos tecnolóxicos.*
- *Ensinar ós alumnos o manexo do ordenador como utensilio de traballo.*
- *Mostrar ós alumnos o campo de aplicación da informática ó deseño gráfico, á publicidade e á creación artística e técnica.*

Obxectivos referidos á formación do profesorado.

- *Potenciar o traballo en equipo dos profesores mediante a actividade dos equipos de ciclo ou departamentos e a realización de programacións didácticas coordinadas.*



- *Facilitar a participación dos profesores en actividades e cursos de formación permanente, sobre todo cando revertan nun beneficio para o conxunto do Colexio.*
- *Potenciar o intercambio de experiencias con outros colexios.*
- *Realizar análises frecuentes do traballo profesional mediante a reflexión común sobre a práctica e desde unha perspectiva de investigación na acción.*
- *Conseguir unhas relacións interpersoais satisfactorias entre os profesores, que fagan posible a satisfacción no traballo e a implicación de todos no desenvolvemento do Proxecto Educativo.*

Obxectivos referidos ás relacións cos pais.

- *Proporcionar unha formación ós pais dos alumnos centrada nas funcións que lles son propias como colaboradores co Colexio na educación dos seus fillos.*
- *Establecer unhas relacións entre os pais e o Colexio sistemáticas, formalizadas e asumidas polos estamentos, e vixiar periodicamente o seu desenvolvemento e mellora.*

Obxectivos referidos á orientación vocacional e profesional dos alumnos.

- *Desenvolver os aspectos formativos nos alumnos proporcionándolles unha orientación escolar e profesional durante toda a súa escolarización, nunha tarefa coordinada entre titores, coordinadores e Servizo de Orientación e Intervención pedagóxica.*
- *Capacitar e preparar ós titores e coordinadores para que poidan levar a termo con eficacia esta tarefa de orientación ós alumnos.*



DIRECTOR.

Definición.

O director é o responsable, en xeral, do funcionamento e da xestión do centro, e, en particular, da actividade docente, actuando en consonancia co Consello Escolar e Claustro de Profesores, seguindo a normativa vixente e as directrices emitidas pola Administración educativa.

Competencias.

- *Ostentar a representación do centro.*
- *Dirixir e coordinar tódalas actividades do centro, cara á consecución do proxecto educativo do centro e de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das competencias do Consello Escolar e do Claustro de Profesores.*
- *Visar as certificacións e documentos oficiais do centro.*
- *Designar o xefe de estudos e o secretario, e propoñer o seu nomeamento e cesamento. Do mesmo xeito, designar os xefes de departamento, os coordinadores e os titores, de acordo co procedemento establecido.*
- *Executar os acordos dos órganos colexiados no ámbito da súa competencia.*
- *Coordinar a elaboración do proxecto educativo do centro, proxecto curricular e programación xeral anual, de acordo coas directrices e criterios establecidos pola Administración educativa e polo Consello Escolar, e coas propostas formuladas polo claustro e outros órganos de participación, responsabilizándose co equipo directivo da súa redacción e de velar pola súa correcta aplicación.*
- *Convocar e presidir os actos académicos, o Consello Escolar, o Claustro, a comisión de coordinación pedagóxica do centro, a comisión de convivencia e cantas outras se constitúan regulamentariamente, podendo delegar a presidencia dalgunha destas comisións noutros membros do equipo directivo.*
- *Cumprir e facer cumprir as leis e demais disposicións vixentes.*
- *Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ó centro.*
- *Favorecer a convivencia do centro e impoñer as correccións que corresponda, de acordo coa normativa vixente, co regulamentos de réxime interior e cos criterios establecidos polo Consello Escolar.*
- *Garantir o dereito de reunión de profesorado, alumnado pais e nais de alumnos ou representantes legais e persoal de administración e de servizos, de acordo co disposto na lexislación vixente.*
- *Xestionar os medios humanos e materiais do centro, dinamizando os distintos sectores da comunidade educativa, especialmente os restantes membros do equipo directivo e xefes de departamento, canalizando achegas e intereses e buscando canles de comunicación e colaboración.*
- *Promover e impulsar as relacións do centro coas institucións do seu contorno.*
- *Facilitar a axeitada coordinación con outros servizos educativos da zona.*
- *Coordinar e fomentar a participación dos distintos sectores da comunidade escolar e procurar os medios precisos para a máis eficaz execución das súas respectivas competencias.*
- *Proporcionar a información que lle sexa requirida polas autoridades educativas competentes e colaborar en todo o relativo ó logro dos obxectivos educativos do centro.*



- *Facilitar a información sobre a vida do centro ós distintos sectores da comunidade escolar e ás súas organizacións representativas.*
- *Favorecer e propiciar a avaliación interna do funcionamento do centro e colaborar coa Administración educativa na avaliación externa que periodicamente se realice.*

XEFE DE ESTUDOS.

Competencias.

- *Exercer, por delegación do director e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ó réxime académico.*
- *Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.*
- *Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios académicos do alumnado e profesorado, de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na programación xeral anual, así como velar polo seu estrito cumprimento.*
- *Coordinar as actividades dos xefes de departamento.*
- *Coordinar e orientar a acción dos titores, coas achegas, se é o caso, do servizo de orientación e de acordo co plan de orientación académica e profesional e do plan de acción tutorial.*
- *Coordinar a participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, así como planificar e organizar as actividades de formación de profesores realizadas polo centro.*
- *Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular, diversificación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.*
- *Facilitar a organización do alumnado e impulsar a súa participación no centro.*
- *Establecer os mecanismos para corrir ausencias imprevistas do profesorado, atención a alumnado accidentado ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do centro.*
- *Organizar a atención do alumnado nos períodos de lecer.*
- *Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo director dentro do ámbito da súa competencia.*

CONSELLO ESCOLAR.

Definición.

O Consello Escolar do Centro é o órgano a través do que participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.

Composición.

Estará constituído por:

- *O director, que será o seu presidente.*
- *Tres representantes do titular do centro.*
- *Un concelleiro ou representante do Concello en cuxo termo municipal estea radicado o centro.*
- *Catro representantes dos profesores.*



- *Catro representantes dos pais ou titores dos alumnos elixidos por e entre eles.*
- *Dous representantes dos alumnos elixidos por e entre eles, a partir do primeiro curso de educación secundaria obrigatoria.*
- *Un representante do persoal de administración e servizos.*

Unha vez constituído o consello escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Ademais, nos centros específicos de educación especial e naqueles que teñan aulas especializadas, formará parte tamén do consello escolar un representante do persoal de atención educativa complementaria.

Un dos representantes dos pais no consello escolar será designado pola asociación de pais máis representativa no centro.

Así mesmo, os centros concertados que impartan formación profesional poderán incorporar ao seu consello escolar un representante do mundo da empresa, designado polas organizacións empresariais, de acordo co procedemento que as administracións educativas establezan.

Competencias.

- *Elixir o director do centro, a proposta da titularidade.*
- *Participar no proceso de admisión de alumnos, garantindo a suxeición ás normas sobre tal proceso.*
- *Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o consello escolar, por instancia de pais ou titores, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, de ser o caso, as medidas oportunas.*
- *Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.*
- *Aprobar o regulamento de réxime interior do centro.*
- *Aprobar a programación xeral do centro que con carácter anual elaborará o equipo directivo.*
- *Aprobar a programación e desenvolvemento das actividades escolares complementarias e extraescolares, comedor, transporte escolar, visitas e outras actividades.*
- *Aprobar a memoria anual do centro que con carácter anual elaborará o equipo directivo.*
- *Aprobar a xustificación dos gastos realizados con cargo á partida de outros gastos das unidades concertadas.*
- *Calquera outra competencia que lle sexa atribuída normativamente.*

CLAUSTRO DE PROFESORES.

Definición.

O Claustro de Profesores é o órgano propio de participación destes no goberno do centro que ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre tódolos aspectos docentes del.



Composición.

Estará integrado pola totalidade dos profesores e profesoras que presten servizos nel e será presidido polo director.

Competencias.

- *Facer chegar ó equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativos e curricular do centro e da programación xeral anual.*
- *Aprobar e avaliar os proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme ó proxecto educativo do centro.*
- *Promover iniciativas no ámbito metodolóxico, tecnolóxico, didáctico ou de organización, así como na experimentación e investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.*
- *Aprobar o procedemento que permita determinar de xeito individualizado o coñecemento da lingua materna dos alumnos e alumnas con fin de que sexan atendidos axeitadamente.*
- *Elixir os seus representantes no Consello Escolar do centro.*
- *Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos.*
- *Aprobar a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación.*
- *Analizar e valorar o rendemento escolar do centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que se consideren pertinentes.*
- *Coordinar as funcións referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.*
- *Analizar e valorar os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa ou calquera informe referente á súa marcha.*
- *Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación do centro.*
- *Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro e a súa situación económica, así como propor todo tipo de iniciativas que tendan a mellorar o funcionamento en calquera dos seus aspectos.*
- *Realizar o proceso de autoavaliación do centro nos aspectos da súa competencia así como participar nos procesos de avaliación externa.*
- *Calquera outra función dentro do ámbito das súas competencias.*

Reunións.

O Claustro reunirse, ao menos, una vez ó trimestre, e sempre que o convoque o director ou o solicite un terzo, ao menos, dos seus membros. En calquera caso haberá unha reunión ó principio de curso e outra ó remate del.

A asistencia dos profesores e profesoras ás sesións do claustro será obrigatoria.

EQUIPOS DE CICLO INFANTIL E PRIMARIA.

Definición.

Son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do xefe de estudos, as ensinanzas propias do ciclo.



Composición.

Os profesores de educación infantil e de educación primaria constituirán equipos de ciclo, que agruparán a tódolos profesores que impartan docencia nel.

Competencias dos equipos de ciclo.

- *Formularlle ó equipo directivo e ó claustro de Profesores propostas relativas á elaboración do proxecto educativo e á programación xeral anual.*
- *Formularlle á comisión de coordinación pedagóxica propostas relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou a modificación deles.*
- *Manter actualizada a metodoloxía didáctica.*
- *Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.*
- *Promover a investigación educativa e propoñerlle ó xefe de estudos as actividades de perfeccionamento do profesorado.*
- *Propoñer os criterios de promoción de ciclo.*
- *Aprobar o calendario, plan de reunións e programa de actividades de ciclo.*
- *Establecer as coordinacións necesarias entre os titores, resto de profesorado e as familias.*
- *Realizar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.*

Dirección dos equipos de ciclo.

Cada equipo de ciclo estará dirixido por un coordinador, que desempeñará as súas funcións durante dous cursos académicos, sempre que siga formando parte do ciclo, e serán designados polo director do centro, por proposta do equipo de ciclo.

Deberán ser profesores que impartan docencia no ciclo, preferentemente con horario completo no centro.

Competencias do coordinador.

- *Dirixir e coordinar as actividades académicas do equipo de ciclo.*
- *Convocar e presidir as reunións do equipo de ciclo.*
- *Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa e elevarlle á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo de ciclo.*
- *Coordinar as funcións de titoría dos alumnos e alumnas de ciclo.*
- *Coordinar o ensino no correspondente ciclo de acordo co proxecto curricular de etapa.*
- *Responsabilizarse da redaccións da programación didáctica do ciclo.*
- *Responsabilizarse de que se levante acta das reunións e de que se elabore a memoria fina de curso.*
- *Coordinar a organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do equipo.*
- *Aquelas outras funcións que lle encomende o xefe de estudos na área da súa competencia, especialmente as relativas ó reforzo educativo, adaptación curricular e actividades complementarias.*

Aspectos da programación didáctica.

A programación didáctica dos equipos de ciclo incluirá, necesariamente, os seguintes aspectos:

- *Os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, con especial referencia ós mínimos esixibles.*



- *A metodoloxía didáctica que se vai aplicar.*
- *Os procedementos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos e alumnas.*
- *As actividades de recuperación e os reforzos para lograr a dita recuperación.*
- *Os materias e recursos didácticos que se vaian utilizar, incluídos os libros para uso dos alumnos.*
- *A programación correspondente ós temas transversais.*
- *As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar desde o equipo de ciclo.*
- *As medidas de atención á diversidade e, se é o caso, as adaptacións curriculares para os alumnos que as precisen.*

Os profesores programarán a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas do ciclo ó que pertencen, incluídas no correspondente proxecto curricular de etapa. No caso de que algún profesor decida incluír algunha variación con respecto á programación conxunta do equipo, esta variación e a xustificación correspondente incluírase na programación deste, sempre que así o acorde o equipo de ciclo, ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

Procedementos e prazos.

Os equipo de ciclo reuniranse unha vez cada mes e a asistencia será obrigatoria para tódolos seus membros. Das devantidas sesións levantarase acta por parte do coordinador co resumo do tratado.

As actas serán custodiadas polo coordinador do equipo e estarán á disposición da inspección de educación, do equipo directivo, da comisión de coordinación pedagóxica e de tódolos profesores integrado no equipo de ciclo.

A vista das actas, os equipos, despois das avaliacións de xuño, recollerán nunha memoria ó menos os seguintes aspectos:

- *Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica do ciclo.*
- *Motivos/s da/s modificación/s.*
- *Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores.*
- *Propostas de revisión de:*
 - *A programación didáctica para o curso seguinte.*
 - *Os proxectos curriculares de etapa.*

A memoria redactada polo coordinador do equipo de ciclo será entregada ó xefe de estudos no prazo que estableza a dirección do centro de acordo co calendario previsto para facer a avaliación por parte do consello escolar, do claustro e do equipo directivo da programación xeral anual e o seu grao de cumprimento.

Os membros do equipo de ciclo deberán unificar ó máximo os criterios acerca de métodos didácticos, terminoloxía empregada, sistema de avaliación e promoción dos alumnos, con fin de lograr a continuidade da acción durante toda a etapa educativa.

O profesorado de educación infantil elaborará un plan de adaptación, destinado ó alumnado que se incorpore por primeira vez ó centro.

A planificación do período de adaptación recollerá o desenvolvemento dos seguintes aspectos:

- *Participación e colaboración das familias neste período.*
- *Flexibilización do calendario e horario dos nenos e nenas que se incorporen por primeira vez ó centro.*



- *Actividades encamiñadas á mellor adaptación destes alumnos.*
- *Flexibilización no tipo de agrupamento.*

DEPARTAMENTOS DIDACTICOS SECUNDARIA.

Definición.

Son os órganos básicos de participación docente no ámbito pedagógico da educación secundaria, baseados nos principios de traballo en equipo, encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das áreas ou materias correspondentes, e as actividades que se lles encomenden, dentro do ámbito das súas competencias, como medio para a mellora do ensino e do perfeccionamento do profesorado.

Composición.

Estarán compostos por todos os profesores e profesoras que impartan o ensino propio das áreas ou materias asignados ó departamento, se é o caso.

Cando nun departamento se integren profesores de máis dunha das especialidades establecidas, a programación e impartición das áreas ou materias de cada especialidade corresponderalles ós profesores respectivos.

Cando nun centro se impartan materias que, ou no están asignadas a un departamento, ou ben poden ser impartidas por profesores de distintos departamentos e a prioridade da súa atribución non estea establecida por a normativa vixente, o director, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica, adscribirá as ditas ensinanzas a un dos departamentos. Éste será o responsable de resolver todas as cuestións relativas a esa materia asignada, do xeito que se establece a continuación:

Estrutura.

Segundo as ensinanzas impartidas no centro, poderanse constituír:

- Artes plásticas, ciencias naturais, educación física e deportiva, física e química, francés, inglés, latín, lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, matemáticas, música, relixión, tecnoloxía e xeografía e historia.

Poderán constituírse ademais departamentos doutras linguas estranxeiras, cando sexan impartidas como primeira lingua con reflexo no cadro de persoal do centro.

Competencias:

- *Formular propostas ó equipo directivo e ó claustro relativas á elaboración do proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.*
- *Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa.*
- *Elaborar, antes do comezo do curso académico, a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ás áreas ou materias integradas no departamento, baixo a coordinación e dirección do xefe de estudos, e de acordo coas directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.*



- *Promover a investigación educativa e propoñerlle ó xefe de estudos de educación secundaria as actividades de perfeccionamento do profesorado.*
- *Manter actualizada a metodoloxía didáctica.*
- *Colaborar co servizo de orientación na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe, así como na programación e aplicación de adaptacións curriculares, actividades de reforzo, ampliación e actividades de recuperación para os alumnos que o precisen.*
- *Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración co departamento correspondente.*
- *Organizar e realizar as probas necesarias para os alumnos de secundaria con materias pendentes.*
- *Resolver as reclamacións derivadas do proceso de avaliación que os alumnos lle formulen ó departamento e ditar os informes pertinentes.*
- *Elaborar, a fin de curso, unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica e os resultados obtidos.*
- *Propoñer materias optativas dependentes do departamento, que serán impartidas por os seus profesores.*

Xefatura dos departamentos.

As xefaturas dos departamentos serán desempeñadas polos profesores designados pola dirección do centro, oído o departamento.

Competencias dos xefes de departamento:

- *Representar o departamento na comisión de coordinación pedagóxica.*
- *Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.*
- *Responsabilizarse da redacción da programación didáctica das áreas ou materias que se integran no departamento.*
- *Dirixir e coordinar as actividades académicas do departamento.*
- *Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario, fose preciso celebrar.*
- *Responsabilizarse de que se levante acta de reunión do departamento e de que se elabore a memoria de final de curso.*
- *Darlles a coñecer ós alumnos e alumnas a información relativa á programación, con especial referencia ós obxectivos, ós mínimos esixibles e ós criterios de avaliación, elaborados polo departamento.*
- *Realizar o seguimento da programación didáctica do departamento, velando polo seu cumprimento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación.*
- *Resolver as reclamacións de final de curso que afecten ó seu departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elaborar os informes pertinentes.*
- *Coordinar a organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do departamento.*
- *Colaborar co secretario na elaboración e actualización do inventario do centro.*



Aspectos da programación.

Cada departamento elaborará a programación das ensinanzas que ten encomendadas, agrupadas nas etapas correspondentes, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

Esta programación incluírá, para cada una das áreas ou materias, asignados a el ou integrados nel, os aspectos seguintes:

- *Obxectivos, contidos e criterios de avaliación para cada un dos cursos da educación secundaria.*
- *Distribución temporal dos contidos.*
- *A metodoloxía didáctica que se vaia aplicar.*
- *Os procedementos e criterios de avaliación da aprendizaxe dos alumnos e alumnas.*
- *Criterios de promoción que se vaian seguir, con especial referencia ós mínimos esixidos, e os criterios de cualificación.*
- *Estratexias de traballo dos temas transversais.*
- *Materias e recursos didácticos que se van utilizar.*
- *Actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar.*
- *Medidas de atención a diversidade e, se é o caso, as adaptacións curriculares para os alumnos e alumnas que as necesiten.*
- *Actividades de recuperación e reforzo.*

Procedementos e prazos.

Os profesores programarán a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas dos departamentos ós que pertencen. No caso de que algún profesor decida incluír na programación das súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do departamento, como consecuencias do establecemento de acordos do equipo educativo para lles dar resposta ás necesidades educativas do grupo, a dita variación, e a xustificación correspondente, deberá ser incluída na programación didáctica do departamento, sempre que así o acorde o departamento ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

Os departamentos didácticos realizarán reunións semanais na hora destinada para tal fin no horario persoal dos profesores, sendo polo tanto a asistencia obrigatoria para tódolos seus membros. Ao menos unha vez ó mes, as reunións dos departamentos terán por obxecto facer o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica e establecer as medidas correctoras que, se é o caso, se estimen necesarias. O xefe de departamento levantará acta dos acordos adoptados en tódalas reunións. No caso dos departamentos unipersoais, o xefe de departamento recollerá nun informe mensual a avaliación do desenvolvemento da programación didáctica e as modificacións adoptadas, se é o caso.

Tanto as actas como os informes serán custodiados polo xefe de departamento e estarán á disposición da Inspección Educativa, do equipo directivo, da comisión de coordinación pedagóxica e de tódolos profesores integrados no departamento.

Á vista das actas ou informes, os departamentos, despois das avaliacións de xuño, recollerán nunha memoria ao menos os seguintes aspectos:

- *Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ó principio de curso.*



- *Motivo/s da/s modificación/s.*
- *Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores.*
- *Propostas para a revisión de :*
 - *A programación didáctica para o curso seguinte.*
 - *Os proxectos curriculares de etapa.*

A memoria redactada polo xefe de departamento será entregada ó xefe de estudos no prazo que estableza a dirección do centro de acordo co calendario previsto para facer a avaliación por parte do consello escolar, do claustro e do equipo directivo da programación xeral anual e o seu grao de cumprimento.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

Definición.

É o órgano de coordinación dos diferentes equipos e departamentos docentes

Composición.

Estará integrada:

- *O director, que será o presidente.*
- *O xefe de estudos.*
- *Os coordinadores de ciclo de educación infantil e primaria.*
- *Os xefes dos departamentos.*
- *O coordinador do equipo de dinamización lingüística.*
- *O coordinador da atención a alumnos con necesidades educativas especiais.*

Actuará como secretario un membro da comisión, designado polo director, oídos os distintos membros.

Competencias.

- *Elevar propostas ó Claustro de Profesores con fin de establecer ós criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.*
- *Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa nos que se incluírá o plan de orientación académica e profesional e o plan de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.*
- *Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo de centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.*
- *Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plan de orientación académica e profesional, do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular e de garantía social, incluídos no proxecto curricular.*
- *Propoñerlle ó Claustro de Profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.*
- *Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.*
- *Propoñer ó Claustro de Profesores a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.*



- *Canalizar as necesidades de formación continua do profesorado cara ó centro de formación continuada do profesorado.*
- *Realizar, de ser o caso, a proposta ó xefe de estudos co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.*
- *Propoñer os profesores que han de formar parte do equipo de dinamización lingüística.*

Procedementos e prazos.

A comisión de coordinación pedagóxica reunirse como mínimo unha vez ó mes e realizará unha sesión extraordinaria ó comezo do curso, outra ó finalizar este e cantas se consideren necesarias, así como cantas outras se consideren necesarias. As actividades que se van realizar pola comisión de coordinación pedagóxica incluíranse na programación xeral anual.

A comisión de coordinación pedagóxica, á vista da memoria, na que se recolle a avaliación da programación xeral anual, deberá establecer durante o mes de setembro, e antes do inicio das actividades lectivas, un calendario de actuacións para a análise dos proxectos curriculares de etapa e para a inclusión neles as posibles modificacións derivadas da citada avaliación.

Durante o mes de setembro e antes do inicio das actividades lectivas, a comisión de coordinación pedagóxica, tendo en conta as suxestións do xefe de estudos, propondrá ó claustro de profesores, para a súa aprobación, o plan xeral das sesións de avaliación e cualificación dos alumnos.

As sesións de avaliación distribuíranse equilibradamente ó longo do curso. Se se opta porque sexan tres, á súa realización farase coincidir co final de cada trimestre do curso. A última sesión de avaliación realizarase ó rematar as actividades lectivas do mes de xuño.

Non obstante o establecido no punto anterior, poderanse realizar as reunións dos profesores de cada grupo co seu titor que o xefe de estudos ou o propio titor consideren necesarias e, en todo caso, aquelas que estean recollidas no plan de acción titorial.

A función titorial e a orientación dos alumnos forma parte da función docente. Na educación primaria levarase a cabo de forma integrada no proceso de ensino-aprendizaxe. Na educación secundaria, ademais, o profesor-titor desenvolverá da dita función de xeito máis específico na hora destinada para tal fin no horario de cada grupo de alumnos.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN DA AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO.

Composición.

Nos centros educativos que impartan as ensinanzas correspondentes a cuarto curso de educación primaria e/ou segundo curso de educación secundaria obrigatoria constituirase unha comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico, formada polas seguintes persoas:

- *Director ou directora do centro, que a presidirá.*
- *Xefe ou xefa de estudos.*
- *Xefe ou xefa do departamento de orientación, de ser o caso.*
- *Un titor ou titora de cada un dos niveis que se avalían, nomeados pola dirección do centro.*



Funci3ns:

- *Informar a comunidade educativa sobre o sentido e a finalidade da avaliación de diagnóstico.*
- *Coordinar o proceso desta avaliación no Centro.*
- *Colaborar coa Administración educativa e cos servizos de inspección naqueles aspectos do proceso para os cales sexa requirida.*

Esta comisión constituirase ao comezo de cada curso escolar e a súa composición reflectirase na correspondente programación xeral anual.

TITORES.

Funci3ns.

Cada profesor-titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, canda menos, as seguintes funci3ns:

- *Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos e en colaboración co servizo de orientación.*
- *Proporcionarlles no principio de curso, ó alumno e ós pais e nais de alumnos ou titores legais ou ordinarios, así como ás persoas ou institucións que ostenten a garda e protección do menor, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.*
- *Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expedientes persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.*
- *Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.*
- *Efectuar un seguimento glotal dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.*
- *Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos e alumnas do seu grupo.*
- *Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.*
- *Orientar o alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.*
- *Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.*
- *Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.*
- *Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.*
- *Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ó alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.*
- *Colaborar co servizo de orientación do centro nos termos que se establezan.*
- *Colaborar cos demais titores e co servizo de orientación no marco dos proxectos educativos e curricular do centro.*
- *Orientar as demandas e inxedanzas do alumnado a mediar, en colaboración co delegado de grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.*



- *Informar ó alumnado, ós pais e nais ou representantes legais e ó profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.*
- *Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos ou representantes legais.*
- *Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.*
- *Cubrir os documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.*
- *Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado e ter informados ós pais e nais ou representantes legais e ó xefe de estudos.*
- *Implicar as familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.*
- *Atender, xunto co resto do profesorado, ós alumnos e alumnas mentres estes permanezan no centro nos períodos de lecer.*

A función titorial e orientación dos alumnos e alumnas, que forma parte da función docente, desenvolverase ó longo de todas as etapas e ciclos.

Cada grupo de alumnos terá un titor. As titorías serán designadas polo director, por proposta do xefe de estudos, oído o servizo de orientación, entre os profesores que impartan docencia a todo o grupo, procurando que a designación recaia no profesor con maior número de horas de docencia no grupo.

Procedementos e prazos.

As titorías serán asignadas preferentemente a profesores que impartan unha materia común a todos os alumnos do grupo.

En primaria, a asignación de titorías ós especialistas farase sempre ós que teñan mais horas dispoñibles, procurando ó mesmo tempo que imparta o máximo de horas de docencia no grupo do que vai ser titor.

As titorías de grupos do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria serán asignadas preferentemente ós mestres que impartan clase ós ditos alumnos.

Unha vez asignado un titor a cada grupo, no caso de existiren profesores dispoñibles serán nomeados titores de grupos de alumnos que precisen unha atención específica (que promocionaron sen acadar os obxectivos, repetidores, con materias pendentes, etc.). Así mesmo, a dirección do centro poderalles asignar outras tarefas de coordinación dos medios informáticos e audiovisuais, a colaboración no desenvolvemento de actividades complementarias realizadas no recinto escolar ou outras similares. De non ser recollidas no Regulamento de réxime interior, o xefe de estudos determinará, en cada caso, as tarefas específicas que terá que realizar cada un dos profesores e as responsabilidades que deberá asumir.

Os profesores sen titoría, unha vez cubertas as necesidades que estime de interese a dirección do centro, que manifesten a súa intención de participar nelas poderán ser designados para organizar, en horario non lectivo, actividades deportivas, artísticas e culturais en xeral de carácter estable, que deberán estar recollidas no programa de actividades complementarias e extraescolares. Estes profesores colaborarán estreitamente co xefe do equipo de actividades extraescolares e complementarias.

As horas de titoría deberán ser comunicadas ós pais e alumnos ó comezo do curso.



O xefe de estudos coordinará e apoiará o traballo dos titores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Definición.

O equipo de dinamizacións lingüística constitúese para potenciar o uso da lingua galega.

Composición.

Estará formado, ao menos, polos seguintes membros:

- *Un profesor do nivel de infantil, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.*
- *Un profesor do nivel de primaria, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.*
- *Un profesor do nivel de secundaria, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.*
- *Tres alumnos, por proposta da xunta de delegados.*
- *Un membro do persoal non docente, por proposta deles.*

Os membros do equipo serán nomeados polo director do centro e poderán incorporarse ó traballo do equipo para temas puntuais outros membros da comunidade educativa.

Competencias.

- *Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.*
- *Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:*
 - *Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.*
 - *Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.*
- *Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, pra a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.*
- *Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.*
- *Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación estableza na súa normativa específica.*

Coordinación.

Será desempeñada por un profesor ou profesora do equipo, nomeado polo director por proposta dos compoñentes do equipo, e terá as seguintes competencias:

- *Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.*
- *Responsabilizarse da redacción dos plans que serán propostos á comisión de coordinación pedagóxica.*
- *Convocar e presidir as reunións do equipo.*
- *Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.*



- *Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións relacionados coa realidade galega.*

Procedementos e prazos.

O equipo de dinamización lingüística reunirse unha vez ó mes e sempre que o convoque o coordinador ou por petición dun terzo, cando menos, dos seus membros. En calquera caso, haberá unha reunión ó principio de curso e outra ó remate del.

A memoria redactada polo coordinador será entregada ó xefe de estudos no prazo que estableza a dirección do centro de acordo co calendario previsto para facer a avaliación por parte do consello escolar, do claustro e do equipo directivo da programación xeral anual e o seu grao de cumprimento.

SERVIZO DE ORIENTACIÓN SECUNDARIA.

No centro existe un servizo de orientación que abarca no seu plan de actuación ó nivel da educación secundaria obrigatoria.

Funcións.

- *Valorar as necesidades educativas no ámbito da orientación dos alumnos e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.*
- *Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, así como coordinar o profesorado e ofrecerlles soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.*
- *Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa, e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.*
- *Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos.*
- *Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.*
- *Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para enfrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersonal ou a transición á vida profesional.*
- *Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.*
- *Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.*
- *Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ó alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais así como as ofertas do seu contorno que lle faciliten elixir responsablemente.*
- *Asesorar á comisión de coordinación pedagóxica nos aspectos psicopedagóxicos do proxecto curricular.*
- *Participar na elaboración do consello orientador que, sobre o futuro académico e profesional do alumnado poida formularse ó remate da educación secundaria obrigatoria.*



- *Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.*

Procedementos e prazos.

*O servizo de orientación, despois das avaliacións de xuño, recollerá nunha memoria **ao menos** os seguintes aspectos:*

- *Modificacións introducidas durante o curso no plan de orientación académica e profesional e no plan de acción tutorial feitos ó principio de curso.*
- *Motivo/s da/s modificación/s.*
- *Análise dos resultados en relación cos cursos anteriores.*
- *Propostas para a revisión de :*
 - *O plan de orientación académica e profesional.*
 - *O plan de acción tutorial.*

A memoria será entregada ó xefe de estudos no prazo que estableza a dirección do centro de acordo co calendario previsto para facer a avaliación por parte do consello escolar, do claustro e do equipo directivo da programación xeral anual e o seu grao de cumprimento.

EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Definición.

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Terán carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc. e figurando na programación xeral anual, se realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

En ningún caso o contido destas actividades pode ser igual ou similar ó dunha material oficial do currículo.

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou tutores sempre que se desenvolvan fora da localidade. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección do centro arbitrará a forma máis conveniente para atender os alumnos que non participen nelas.

Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respectar os principios de voluntariedade para os alumnos, non discriminación e ausencia de lucro. Estas actividades non poderán realizarse en detrimento das actividades inherentes ó currículo oficial.

Cando, excepcionalmente, se organicen actividades complementarias ou extraescolares non previstas na programación xeral anual, será necesaria a súa aprobación polo equipo directivo, tralo informe favorable, de ser o caso, do equipo destas actividades, dando conta ó Conselle Escolar na reunión seguinte que se efectúe. Cando estas actividades impliquen modificacións do período lectivo do calendario escolar requirirán, ademais, a autorización da xefatura que se deberá solicitar con quince días de antelación.



Funci3ns e membros do equipo.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargarase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Estará integrado polo xefe deste equipo, que será un profesor designado polo director, por proposta do xefe de estudos e oída a comisi3n de coordinaci3n pedag3xica, que actuará en estreita colaboraci3n co equipo directivo, e, para cada actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable dela.

Funci3ns do xefe do equipo.

- *Participar na elaboraci3n do proxecto curricular de etapa.*
- *Elaborar a programaci3n anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos departamentos, do profesorado, do alumnado e dos pais e nais e as orientaci3ns do claustro e comisi3n de coordinaci3n pedag3xica.*
- *Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realizaci3n, repercusi3n econ3mica e forma de participaci3n do alumnado.*
- *Proporcionar ó alumnado a informaci3n relativa ás actividades do equipo.*
- *Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboraci3n co claustro, a comisi3n de coordinaci3n pedag3xica, os departamentos, os delegados de alumnos e a asociaci3n de pais.*
- *Coordinar a organizaci3n das viaxes de estudo, os intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos e alumnas.*
- *Organizar a utilizaci3n da biblioteca do centro.*
- *Elaborar unha memoria final de curso coa avaliaci3n das actividades realizadas, que se incluírá na memoria de centro.*
- *Presentarlle propostas ó equipo directivo para a relaci3n e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.*

Actividades realizadas fora da localidade.

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar, ao menos, cos seguintes requisitos:

- *Aprobaci3n do Consello Escolar.*
- *Autorizaci3n escrita dos pais, de tratarse de alumnos que está baixo a responsabilidade paterna, ou titor legal ou ordinario ou persoa que ostente a garda e protecci3n do menor.*
- *Os alumnos serán acompañados polo profesorado correspondente na proporci3n dun profesor por cada unidade. Poderá un profesor acompañar máis dunha unidade sempre e cando o total de alumnos non pase os 25 ou 30, segundo sexan de educaci3n infantil ou primaria, ou secundaria, respectivamente.*

ATENCI3N ÓS ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

Atenci3n.

Os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais recibirán atenci3n docente directa por parte dos profesores do grupo no que se integran, coa axuda, se é o caso, do profesorado de apoio na propia aula.



Excepcionalmente, en función das necesidades do alumnado e das adaptacións curriculares establecidas poderanse facer intervencións diferenciadas, debidamente temporalizadas, fóra da aula.

Coordinación.

A coordinación será realizada polo profesor ou profesora de apoio á atención ós alumnos con necesidades educativas especiais.

Funcións do profesor de apoio.

Ademais da atención docente directa que lles corresponda prestar ós alumnos en función das súas necesidades, o profesor que estea no centro como apoio á atención ós alumnos con necesidades educativas especiais desenvolverá as seguintes funcións:

- *Coordinar, en colaboración co xefe de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estadía no centro dos alumnos e alumnas con algún tipo de minusvalía física, psíquica ou sensorial.*
- *Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ó alumnado con necesidades educativas especiais.*
- *Orientar ó profesorado que lles imparta docencia ós alumnos e alumnas con necesidades especiais, así como a eles mesmos e ós pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.*
- *Colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación delas.*
- *Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar no ámbito de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais.*

OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR.

Organización e funcionamento.

Nos centros educativos constituirase, no seo do consello escolar, un Observatorio de Convivencia Escolar, que funcionará en Pleno. En todo caso tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes nos membros do Pleno.

Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Funcións.

Os Observatorios da Convivencia Escolar dos centros educativos terán como funcións específicas:

- *A participación na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar.*
- *A elaboración dun informe anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel centro. Este informe será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.*
- *A coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionados coa mellora da convivencia.*
- *Propoñer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.*
- *Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.*



Composición.

Os observatorios da convivencia escolar dos centros educativos, segundo proceda e na forma que se determine pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, estarán integrados por:

- *O director ou directora do centro, a quen lle corresponderá a presidencia.*
- *O xefe ou xefa de estudos, a quen lle corresponderá a vicepresidencia.*
- *De un a catro representantes do profesorado en función do número de alumnado, unidade e niveis impartidos no centro.*
- *O orientador ou orientadora do centro, se é o caso.*
- *Unha persoa representante do alumnado.*
- *Unha persoa da asociación de pais e nais con máis representatividade no centro ou, no seu defecto, unha persoa representante de pais e nais.*
- *A Persoa do consello escolar do centro que desempeñe a función de desenvolver os programas e iniciativas de coeducación.*
- *Unha persoa representante do persoal non docente.*

Unha das persoas anteditas, con destino no centro educativo, actuará como secretario ou secretaria e levantará acta.

Estarán abertos á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.